

ANUNCIO

Transcríbese a continuación as actas do tribunal donde constan as puntuacións provisionais do PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE MESTRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS (AGAR0208) DO “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS IV - BOIRO”:

“ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN - PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE MESTRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS (AGAR0208) DO “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS IV - BOIRO”

SESIÓN DO 26/11/2024

Asistentes:

Presidente: Martín Blanco Buceta
Secretaria: María Mariño Poza
Vogal 1: Carmen Saavedra Pego
Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez
Vogal 3: Alberto García Sánchez

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09,00 horas do 15/11/2023, reúnen os membros do tribunal designado para a selección dun Mestre para a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 do “Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV – Boiro”,

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 212 de data de 04/11/2024, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal.

O obxecto desta sesión é a realización da entrevista persoal das persoas aspirantes definitivamente admitidas a este proceso selectivo, así como a realización da proba de galego para as persoas que non acreditaron estar en posesión do Celga 4.

1.- VALORACIÓN DA ENTREVISTA.

Realizouse unha entrevista a cada persoa candidata na que se valoraron as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, na que se realizaron, asemade, preguntas sobre os méritos acreditados e sobre aspectos prácticos das funcións que se deberán desenvolver.

O tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

NOME	PUNTOS ENTREVISTA	Proba Galego
ANA CRISTINA HERNANDEZ SANTOMÉ	2	Apta
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	6,2	--
JOSÉ ELADIO GARCIA PEDRERO	2	Apto
NATALIA BUELA SAMPEDRO	4	--
SANTIAGO LIÑEIRA CASAL	6,75	--



E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 10,55 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.”

“ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN - PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE MESTRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS (AGAR0208) DO “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE DE GOIÁNS IV - BOIRO”

SESIÓN DO 26/11/2024

Asistentes:

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 3: Alberto García Sánchez

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 14,30 horas do 15/11/2023, reúnen os membros do tribunal designado para a selección dun Mestre para a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 do “Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV – Boiro”,

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 212 de data de 04/11/2024, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal.

O obxecto desta sesión é a valoración do currículum das persoas aspirantes, propoñer a puntuación final e establecer o prazo de presentación de alegacións á baremación.

1.- VALORACIÓN DO CURRÍCULUM.

Os membros do tribunal queren facer constan que, con carácter xeral se aprecian erros na autobaremación presentada polas persoas aspirantes nos seguintes epígrafes:

1) Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.

2) Experiencia profesional: valorarase experiencia profesional en postos similares, isto é docencia para a formación profesional.

3) Cursos realizados: só se valorarán **cursos** cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

4) Estar en posesión do **certificado profesional de habilitación para a docencia** sen prexuízo do previsto no artigo 168.1.c) do RD 659/2023, polo que a formación que habilita a docencia, se non se aporta este certificado profesional, enténdense coma requisito, polo que non procede a súa valoración.

5) Coñecemento da lingua galega: o CELGA 4 é un requisito, polo que non é obxecto de valoración.

Tendo en conta as bases que rexen este proceso selectivo e a documentación presentada polas persoas aspirantes, o tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:



NOME	TIT. COMPLETO	EXP. OBRADA	EXP. SIMILAR	CURSOS	GALEGO	PUNTOS CURRÍCULUM
ANA CRISTINA HERNANDEZ SANTOMÉ	1,25	0	0	0,3	0	1,55
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	0,15	2,1	3	0,6	0	5,85
JOSÉ ELADIO GARCIA PEDRERO	0	0	0	0,1	0	0,1
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0	0	0	0,2	0	0,2
SANTIAGO LIÑEIRA CASAL	0	5	3	2	0	10

2.- PUNTUACIÓN FINAL.

Procede establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes neste proceso selectivo. Itas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados na fase de entrevista e na valoración do currículo e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta de contratación:

NOME	PUNTOS CURRÍCULUM	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL PUNTOS
ANA CRISTINA HERNANDEZ SANTOMÉ	1,55	2	3,55
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	5,85	6,2	12,05
JOSÉ ELADIO GARCIA PEDRERO	0,1	2	2,1
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0,2	4	4,2
SANTIAGO LIÑEIRA CASAL	10	6,75	16,75

3.- PRAZO DE ALEGACIÓNS:

Tal e como se especifican nas bases que rexen este proceso selectivo, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

4.- ESPECIFICACIÓNS DESTE PROCESO SELECTIVO:

Rematado este proceso de selección, o Concello de Boiro remitiralle o resultado á dirección territorial co obxecto de que esta verifique o cumprimento de todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

Se algunha das persoas candidatas propostas non cumprira os ditos requisitos, a dirección territorial comunicarllo a este concello para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 15,00 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.”

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

